

Durante as últimas décadas sucedéronse cambios fundamentais para o sexo feminino e, neste contexto, a historia das mulleres e do xénero experimentou un notable desenvolvemento. O **I Encontro Interdisciplinar de Historia de Xénero** ten por obxectivos contribuir ao debate sobre a condición feminina nos diferentes períodos históricos, aprofundar no coñecemento dos roles sociais -públicos e privados- que desempeñaron as mulleres na Historia e reivindicar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na sociedade actual. Neste caso, baixo o título **“As mulleres na Historia de Galicia”**, preténdese trazar un panorama xeral respecto ó estado actual das investigacións sobre a historia das mulleres e do xénero en Galicia, especialmente a irradiada dende a capital galega.

O Encontro, de **30 horas de duración**, articularase arredor de dezanove conferencias impartidas por especialistas na materia e dezaoto comunicacións que completarán esta visión. Está dirixido tanto a estudantes universitarios como a profesores e profesoras de ensinanzas medias interesados pola presenza e realidade das mulleres na historia, a arte e a literatura de Galicia, así como a público interesado en xeral. Con este fin, foi recoñecido **1 crédito de Libre Configuración** para todas as Titulacións da USC (código 2011/10, R. R. do 11/01/11), ademais do pertinente diploma de asistencia que recibirán tódolos inscritos. As persoas interesadas no crédito de LC terán que entregar un pequeno resumo dalgunha das sesións.

**INSCRIPCIÓN.** Custo: 10€. Prazo: ata o 30 de marzo.


Nº de conta: 0049.2584.90.2214002210 (Banco Santander). É fundamental que se poña como concepto **“I Encontro Interdisciplinar de Historia de Xénero”** e os datos persoais de quen se inscriba. Logo do ingreso, deben enviar un e-mail a **xornadastrizada@gmail.com** indicando o seu nome, apelidos e DNI, licenciatura que estuda ou traballo que desempeña, se solicitan Crédito de LC, Horas de Formación do Profesorado ou simplemente certificado de asistencia. Ademais, deberán remitir nun arquivo adxunto unha copia do resguardo de ingreso.

Máis información en: <http://mulleresnahistoria.blogspot.com>

Patrocinado por:



VICERREITORÍA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL E CALIDADE



**Comité organizador:**

**Aurora Ballesteros Fernández**

**Silvia Cernadas Martínez**

**Miguel García-Fernández**

**Responsable académica:**

**María del Carmen Rodríguez González**

**Comité científico:**

Francisco Ramón Durán Villa

Domingo Luis González Lopo

María Rocío Sánchez Ameijeiras

Isaura Varela González

Manuel Villanueva Acuña

**Deseño e maquetación:**

Víctor Lago Portela

# I ENCONTRO INTERDISCIPLINAR DE HISTORIA DE XÉNERO



## As mulleres na Historia de Galicia

**6, 7 e 8 de Abril de 2011**

**Salón de Actos da Facultade de Filosofía  
Santiago de Compostela**

Mércores, 6 de Abril

09:00 Entrega da documentación.

09:15 Presentación do Encontro.

### Entre Historiografía e Antropoloxía

10:00 "De mulieribus fabula narratum. Pensar e escribir sobre a Historia das Mulleres". **José Carlos Bermejo Barrera** (Catedrático da USC).

11:00 "A incorporación das mulleres victorianas ao mundo académico: o exemplo de Jane Ellen Harrison". **Blanca Verdía Barbará** (Doutora en Historia).

12:00 Descanso

12:30 "Mulleres na Prehistoria, entre realidade e mito". **María del Mar Llinares García** (Profesora Titular da USC).

13:30 Comunicaci3ns.

### Historia Antiga

16:15 "A muller galaico-romana na Historia de Galicia". **Ana María Suárez Piñeiro** (Profesora Contratada Doutora da USC).

17:15 "Retratos de grupo: a representación dos grupos femininos na cerámica grega". **Fátima Díez Platas** (Profesora Contratada Doutora da USC). Relatorio lido polo Profesor P. M. López Barja de Quiroga.

18:15 Descanso.

18:45 "Literatura latina feminina". **Eva Castro Caridad** (Catedrática da USC e Vicerreitora de Estudos de Grao e Posgrao).

19:45 Comunicaci3ns.

Xoves, 7 de Abril

### Historia Medieval

09:15 "O papel das mulleres nas familias aristocráticas: un estado da cuestión". **María del Carmen Rodríguez González** (Profesora Titular da USC e Vicedecana da Facultade de Xeografía e Historia).

10:15 "A imaxe da muller na arte baixomedieval galega". **Marta Cendón Fernández** (Profesora Titular da USC).

11:15 Descanso.

11:45 "A Historia das Mulleres dende o IEGPS: proxectos e resultados. O caso das mulleres xudías medievais". **María Gloria de Antonio Rubio** (CSIC-Xunta de Galicia).

12:45 Comunicaci3ns.

16:15 "Mulleres e trobadorismo". **Pilar Lorenzo Gradín** (Catedrática da USC).

### Historia Moderna

17:15 "As mulleres na Galicia moderna: o que sabemos e o que non sabemos delas". **Ofelia Rey Castelao** (Catedrática da USC).

18:15 Descanso.

18:45 "Cando un ai! é un argumento e unha bágoa unha demostraci3n... Catro séculos de calada presenza a través da arte galega". **Juan Monterroso Montero** (Profesor Titular da USC e Decano da Facultade de Xeografía e Historia).

19:45 Comunicaci3ns.

Venres, 8 de Abril

### Historia Contemporánea

09:15 "Vicio clandestino e mulleres marcadas. A prostituci3n feminina no século XIX e principios do XX". **Isaura Varela González** (Profesora Titular da USC).

10:15 "Polo que fixeron e polo que eran. A represi3n directa e a represi3n transitiva contra as mulleres na guerra civil". **María Jesús Souto Blanco** (Profesora Contratada Doutora pola USC).

11:15 Descanso.

11:45 "De viúvas de vivos a protagonistas das migraci3ns: as mulleres galegas en América". **Pilar Cagiao Vila** (Profesora Titular da USC).

12:45 "A actividade laboral das mulleres na Galicia contemporánea". **Luisa María Muñoz Abeledo** (Profesora Contratada Doutora pola USC).

16:15 "As mulleres galegas e a Instituci3n Libre de Ensenanza: de Concepci3n Arenal ás universitarias da Residencia de Señoritas". **Raquel Vázquez Ramil** (Doutora en Historia).

17:15 "Señores da terra e donas de seu: un achegamento ao feminismo galego". **María Xosé Agra Romero** (Catedrática da USC).

18:15 Descanso.

18:45 "O ensino da Historia desde a perspectiva de xénero no currículo da ESO e do Bacharelato". **Guillermina Domínguez Touriño** (Profesora no IES San Clemente de Santiago).

19:45 Comunicaci3ns.

20:15 Clausura do Encontro.